



Vista Alegre 25 anos de historia

Este libro non poderá ser reproducido, nin total nin parcialmente, sen previo permiso escrito do editor. Tódolos dereitos reservados.

Valentín García Gómez. (xullo 2007)

Primeira edición: setembro de 2007

Depósito Legal: VG854-2007

Edita: Asociación Cultural Vista Alegre (Bandeira).

Fotocomposición: José Antonio Gómez Moreira “Emse”.

Impresión: Arlit Artes Gráficas S.L.N.E.

Printed in Spain · Impreso en España

Valentín García Gómez



Vista Alegre 25 anos de historia

Prologo:

A Asociación Cultural Vista Alegre cumpre neste ano, as súas **vodas de prata**, unha historia cargada de actividades, recordos, e anécdotas. Todos sabemos que ao longo destes 25 anos, chegamos a ser unha das asociacións da Comarca que máis actividade xera e que temos un recoñecemento non só a nivel local, senón a nivel institucional e autonómico. A nosa Asociación pode presumir de ter un nome. Tanto a Asociación dende os seus comezos, alá polo ano 82, como o edificio que a acolle, o Centro Cultural, sufriron cambios moi importantes nestes anos. Recordo o primeiro ano que empecei a traballar no Centro Cultural que non había máis que as paredes e un puñado de libros que doara a Deputación de Pontevedra. Por non haber, a veces non había nin electricidade, xa que a liña de subministro era tan defectuosa que, cando no aserradero que temos cerca do Centro, serraban un tronco de madeira, as bombillas que tiñamos case chegaban a apagarse, e os rapaces que xogaban ao pin pon nunha mesa que trouxera eu da casa, tiñan que parar de xogar por que non vían a pelota. Todo isto, grazas ao esforzo dos distintos presidentes/as, xuntas directivas e institucións, foi cambiando para mellor, e pouco a pouco fomos aumentando a biblioteca, modernizouse a cafetería, dotouse o edificio dunha boa calefacción, que xa bastantes anos pasamos “batendo unha canela noutra”, logrouse a adquisición de varios ordenadores para acceso a Internet, e outros adiantos e comodidades que están á vista e dos que hoxe en día todos podemos gozar.

Todos estes logros supoñen un gran esforzo. Quero dende estas liñas facer unha homenaxe a toda a xente que dalgún xeito puxo o seu grao de area para chegar a onde estamos hoxe en día. Os/as Presidentes-as, e membros das distintas xuntas directivas, que pasaron por esta Asociación, dedicáronlles moitas horas do seu tempo a esta Empresa, ademais de loitar con todas as súas forzas e empeño para conseguir a mellora deste edificio e dotalo duns servizos cos que hoxe conta. Tamén temos que dedicarlle unha mención especial ás nosas familias que tantas horas perderon de estar na nosa compañía. Outro dos pilares moi importantes, foi e segue a ser o Concello de Silleda, e sen esquecer a Deputación, Xunta de Galicia, coas distintas Consellerías, etc e a inestimable colaboración de todos os socios que forman esta **Gran Familia**, e que a data de hoxe ascenden a 506, dos que algúns non quixeron seguir formando parte da Asociación e outros xa non están entre nós. Tamén queremos nomear as asociacións que aquí teñen a súa sede social: Banda de Música R. C. de Bandeira, Grupo Folclórico Xirandola, Sociedade Deportiva Bandeira, Asociación Amigos da Empanada, Grupo Folclórico Fortín da Pomba, Banda de Música Xuvenil de Bandeira, Asociación Santa Ferreña, Grupo Folc Dame Lume, Asociación Xuvenil Os Ulteiras, Asociación de Veciños Mencer, Carnavales, Comisión de Festas e a máis nova: Asociación Xuvenil Asubiote. Á maioría delas asistimos ao seu nacemento, e hai un refrán que di “*é de ben nacidos, ser agradecidos*” e dende aquí queremos agradecer a todas estas asociacións a súa inestimable colaboración que sempre dedicaron á nosa Asociación, e deste xeito amosaron a **unión exemplar** que existe entre os diferentes colectivos da vila de Ban-

deira, chegando a celebrar actos en común de gran importancia dentro da nosa Comarca. A todos eles o meu máis profundo agradecemento e animalos a que sigan por esta liña de traballo.

Pero ademais de todo o exposto anteriormente, queremos homenaxear a aqueles nenos e nenas, hoxe pais e nais, que asistiron aos primeiros Papá Noel, Entroidos Infantís, bailes, etc. e que agora seguen depositando a súa confianza en nós e ademais de participar eles nas distintas actividades, traen aos seus fillos/as para que tamén participen e se integren dentro da Asociación.

Este libro é un pequeno resumo do que foi a vida desta Asociación nestes primeiros anos de vida, como desexamos todos, queremos que cumpra moitos máis. Non é fácil de expresar os sentimentos que vivimos nestes anos, nin as alegrías cando algunha das nosas asociacións gaña algún premio importante, ou cando nos acompañan persoeiros ilustres nos nosos actos, cando damos vida a algún libro que logo publicamos, etc. Son tantas e tantas as ilusións e alegrías que aquí se viviron, que non é doado expresalo con palabras, soamente dicir que, é un gran orgullo pertencer a Vista Alegre. De tódolos xeitos, aínda nos queda un desexo sen cumprir, que é a ampliación do Centro Cultural, pero como a esperanza nunca se perde, co empeño da nosa presidenta e o apoio dos socios e Institucións, todo se andará.

Grazas a todos polo voso esforzo e convidovos a seguir traballando pola cultura e desenvolvemento da nosa Vila e Comarca.

Alfredo López Mosquera
Xullo de 2007

As orixes:

A Asociación Cultural Vista Alegre naceu nun día de verán. Foi o cinco de xullo de 1982, e a razón é ben coñecida. Un grupo de veciños e veciñas coa ilusión de esforzarse por mellorar as condicións de vida da comunidade á que pertencen, deciden non ser meros espectadores de todo canto está pasando. Aparecen os intereses comúns por reforzar Bandeira no seu conxunto e por conseguir cousas que a afasten do esmorecemento.

Estamos ante ese impulso que caracteriza ao ser humano, e que normalmente chamamos solidariedade; el fai que as mulleres e os homes, sexamos quen, aínda que a moitos siga sen parecerllo, de dar sen agardar nada a cambio, por nós, polos demais e por todos e todas as que nos rodean. Ese fermento, actuou en Bandeira hai 25 anos, e así o imos contar porque así aconteceu.

Por todo patrimonio, había unha cultura que difundir, un pobo que unir, e sobre todo unha fermosa e emblemática escola de emigrantes por arranxar.

Os inicios, atopámoslos nun encontro informal con responsables do Ministerio de Cultura a finais dos anos 70. Nese momento, viuse a posibilidade de que en Bandeira se levase a cabo un “plan piloto” para desenvolver a creación dun “teleclub”, para o que a Administración realizará grandes cesións en materia de mobiliario, e demais obxectos necesarios para iniciar a actividade.

Para iso, e como condición de obrigado cumprimento, habería que restaurar o local da antiga escola, un edificio fermoso e de pedra robusta, dividido en dous, a escola de nenos e a de nenas. Deshabitado dende había anos, alí viviran mestres, aínda hoxe lembrados con grande agarimo polo seu importante labor, na memoria de hoxe, aínda teñen moitos ex-alumnos a Dona Rosa Alén, D. Jaime e Dona Benigna e outros moitos docentes, que co seu traballo e constancia, conseguiron facer deste un pobo culto, feito que aínda hoxe se nota á hora de avaliar as distintas actividades que aquí imos ir vendo.

Ese grupo primeiro, que celebraba as súas reunións na Casa Conde, estaba composto por cidadáns entusiastas, que ao longo do tempo, imos ver como foron as pedras angulares do funcionamento diario da asociación. Eses pioneiros, membros fundadores foron:

D. José Espiño Matos.

D. Ramón Conde Rey.

D. Manuel Vieites Costoyas.

D. Carlos García Fernández.

D. Miguel Balboa Iglesias.

D. Ramón Otero Sotelo.

D. Juan-José Salgueiro Montouto.
D. Manuel Penido Sánchez.
Dna. María Consuelo Penoucos Castiñeiras.
Dna. María Abelina Toubes Vilariño.
D. Daniel Abades Requeijo.
D. Antonio Quinteiro Solleiro.
D. Manuel Sangiao Otero.
D. José Ramón Vázquez Rodríguez.
Dna. María Jesús Silva Alén.
D. Francisco Fernández Montouto.
D. Sergio Maceira Yebra.
D. Ismael Rodríguez García.

Puxéronse a traballar moi seriamente no arranxo do edificio, da man dos mestres albaneis José de Elías e Santiago Penelas, así como do carpinteiro Manuel Penelas, que co seu bo facer, foron substituíndo os pisos de madeira por rexas placas de cemento con fortes e custosos pilares e vigas de aceiro, que lle deron a consistencia necesaria para que un edificio centenario aguante o grande peso dun aforo numeroso, e ao mesmo tempo que se traballaba, de entre eles, elixiuse a primeira directiva, cos membros e cargos que de seguido relacionamos:

Presidente: *D. Juan José Salgueiro Montouto.*
Vicepresidente: *D. Ramón Conde Rey.*
Secretario: *D. Miguel Balboa Iglesias.*
Tesoureiro: *D. Carlos García Fernández.*

Vogais:

D. Manuel Vieitez Costoyas.
D. Ramón Otero Sotelo.
D. Manuel Penido Sánchez.
D. Manuel Sangiao Otero.
D. José Ramón Vázquez Rodríguez.

Director e Mantedor: *D. José Espiño Matos.*

Chegou o tempo de ir facéndose con fondos, de solicitar préstamos a entidades bancarias, que logo se ían pagando como se podía, de derramas entre coñecidos, ben, unha historia heroica que deu os seus primeiros froitos, cando chegou o primeiro material dende Madrid. Eran mesas e cadeiras para unha biblioteca e para un salón de usos múltiples. Pero o local estaba en obras, e houbo que almacenar todo nunha granxa fóra de servizo, na de Eloi Otero. Alí estivo durante anos o mobiliario, mentres que a obra avanzaba paso a paso, pero coa constancia que vai caracterizar sempre aos directivos da nosa asociación.

Mentres, foron dotándose de instrumentos que mellor dotasen o funcionamento e organización da asociación cos primeiros estatutos:

Os estatutos:

Ao constituírse, toda agrupación ten que ter un documento que marque as normas polas que han rexerse os seus compoñentes. No caso das asociacións sen ánimo de lucro, é ademais este un precepto legal que han cumprir obrigatoriamente.

Este documento, aprobado nesta asemblea constitutiva da que xa falamos, responde básicamente a un modelo tipo, polo que imos destacar aqueles aspectos que nos parecen máis característicos, e probablemente os máis traballados, por parte dos compoñentes da asociación:

Os fins para os que se constitúe a asociación:

Son fins desta Asociación:

a/ Organizar actividades culturais diversas, tales como a lectura comentada de libros e revistas; a proxección de películas, documentais e diapositivas; a audición de discos de música de calidade e demais actividades musicais; actividades en fomento do teatro; a visita aos Museos; a protección do patrimonio artístico; a organización de exposicións e, en xeral, cantas actividades culturais se poidan desenvolver.

*b/ Así mesmo **patrocinar** grupos folclóricos, bandas de música, grupos teatrais, coros e danza, etc.*

*c/ Fomentar conferencias e actividades culturais destinadas á **terceira idade**.*

Destacamos nas finalidades da nosa asociación, aspectos certamente avanzados para o ano 1982.

En primeiro lugar a preocupación pola dinamización cultural da vila e os seus arredores. A lectura e difusión de películas e música de “calidade”, cómpre enmarcalo no principio da década dos oitenta, onde os medios de comunicación eran moi poucos, case sempre con contidos de masas, pouco axeitados para a formación da xuventude, e que aínda por riba non sempre estaban ao alcance de todos e todas. Tamén forma parte dos anxeos dos fundadores/as a visita a museos e aprecio do patrimonio cultural por medio de visitas e excursións.

No punto b), podemos ver o xermolo de dúas cousas moi importantes para Bandeira. Por unha banda o patrocinio de “grupos folclóricos”, como consecuencia directa

da aplicación disto, hoxe funcionan xa dous de recoñecido prestixio, como máis adiante veremos: *Xirandola* e *Fortín da Pomba*, ademais de distintos grupos musicais de música tradicional. Por outro lado, atopamos o patrocinio de “bandas de música”, vemos o coidado co que se trata de dar cobertura ao xermolo da *Banda de Música Recreativa e Cultural de Bandeira*, que comezara a crearse dous anos antes, e que hoxe é un orgullo para a localidade, e verdadeiro expoñente do esplendor cultural da vila por toda Galicia. Facemos fincapé neste punto, porque ademais atopámonos nuns anos nos que as bandas de música pasaban por unha profunda crise. A popularización das orquestras, e certo ambiente de “modernidade” e de “ruptura con todo o que lembrase ao pasado”, era unha constante na poboación. É por todo isto, polo que non deixa de sorprendernos outra vez neste punto a actitude dos nosos fundadores e fundadoras.

Importantes son as actividades de formación mediante distintos cursos, así como as moitas actividades pensadas dende Vista Alegre (charlas, conferencias, concertos, teatro, etc).

A atención aos maiores, é outro dos aspectos nos que dalgún xeito os fundadores forman parte da vangarda social. Conscientes sempre de que unha sociedade para avanzar, ten que estar equilibrada, e que dentro dese equilibrio está a integración en pé de igualdade de todos os seus membros, non quixeron deixar pasar esta ocasión para facer cousas por e para eles. Do mesmo xeito, sendo Bandeira unha vila a medio camiño entre o rural e o urbano, constitúe sempre unha faceta moi importante da actividade o fornecer de medios de ocio e lecer a toda a nosa xente, que despois de traballar unha vida enteira no agro, non sempre ten fácil adaptarse a un retiro laboral, con oferta dun ocio e unha cultura que lles foron negados durante toda unha vida.

Pero como en todo, o traballo non está rematado (e mellor que así sexa). Temos unha materia pendente, que aí nos deixaron os fundadores. Estamos a falar de que non se puxeron en marcha as actividades de coral – aínda que si funcionou durante un tempo unha rondalla - e teatro, que experimentou posibilidades de consolidación, dando por resultado representacións puntuais para celebrar determinados eventos ou festividades, que polo de agora, non deron o resultado desexable de mantemento dun grupo estable. Só así se esgotaría o planificado neste punto polos constituíntes.